

estratexias de animación á lectura Estratexias de animación

á lectura estratexias de animación á lectura estratexias


de animación á lectura **estratexias de animación**

á lectura estratexias de animación á lectura

Estratexias de animación á lectura estratexias de animación



ESTRATEGIAS DE ANIMACIÓN Á LECTURA



A MALDICIÓN DE ODI

Obxectivos

- Espertar o interese pola lectura como fonte de información e de pracer, e conseguir o hábito lector desde o gozo da lectura e da escritura.
 - Traballar o concepto de triloxía como obra completa.
 - Traballar e comprender aspectos culturais a partir da obra.
-
- Potenciar o uso da fantasía e da imaxinación ao desenvolver historias.
 - Desenvolver a capacidade de construír un discurso coherente tanto na expresión oral coma na escrita.
 - Aumentar a súa capacidade para a toma de conciencia e a reflexión sobre algúns temas.
 - Comprender discursos escritos e interpretalos cunha actitude crítica.
 - Fomentar o traballo de investigación como medio de estudo e de formación.
 - Valorar a expresión artística como medio de comunicación.
 - Promover o traballo en equipo.



Orientacións

Esta obra é a terceira parte da triloxía *A guerra das bruxas*, de Maite Carranza. No caso de que os alumnos non lesen nin traballasen a primeira nin a segunda parte (*O clan da loba* e *O deserto de xeo*, respectivamente), é aconsellable traballar algunhas das estratexias de animación que nelas se propoñen, pois hai aspectos importantes da obra como o xénero fantástico, os clans e as profecías ou o mundo das bruxas que se dan por traballados.

A maior parte das actividades propostas pode traballarse a distintos niveis de afondamento, en función da idade e do ciclo que cursen os alumnos, así como das súas características.

ACTIVIDADE 1

(Antes da lectura): **DE ONDE PARTE A HISTORIA? E CARA A ONDE IRÁ?**

Obxectivos

- Motivar os alumnos pola lectura do libro.
- Contextualizar tematicamente a obra.
- Traballar e entender o concepto de triloxía como unha obra completa.
- Potenciar o uso da fantasía e da imaxinación á hora de desenvolver historias.
- Traballar a capacidade de síntese.
- Promover o traballo en equipo.

Descrición

Nesta actividade o obxectivo é situar a novela *A maldición de Odi* como a terceira parte da triloxía *A guerra das bruxas*, xa que entendemos que é unha obra completa.

Unha *triloxía* é un conxunto de tres obras que constitúen unha unidade por teren en común algún elemento do seu contido: hai continuidade argumental, seguen os mesmos protagonistas...

Así pois, divídese a clase en grupos de dous ou tres alumnos, repártese entre eles a síntese das dúas obras anteriores, *O clan da loba* e *O deserto de xeo*, e logo cada grupo fará unha proxección de futuro: Cal será a dirección do último libro da triloxía? Cada grupo deixará libre a súa imaxinación e creará a súa propia sinopse de *A maldición de Odi*.

Despois, e de forma oral, cada grupo lerá o resumo da parte que lle tocou, e chegarase así ao punto de partida da novela que nos ocupa.

E que pasará nela? Cada grupo expoñerá a súa predición de futuro... Quen sabe se algunha se cumprirá!



Orientacións

Esta actividade está pensada para aqueles alumnos que leron as dúas novelas anteriores da triloxía.

Para que esta actividade se desenvolva a bo ritmo, cada grupo deberá extraer a idea da parte do libro que lle tocou resumir. Deste xeito, co traballo de todos os grupos da clase, teremos o punto de partida deste terceiro libro que imos ler.

Para traballar *O clan da loba*, e dependendo dos grupos que teñamos, podemos dividilo por profecías (Profecía de O, Profecía de Odi, Profecía de Oma, Libro de Rosebuth...); e para traballar *O deserto de xeo*, podemos facelo por bloques de capítulos.

ACTIVIDADE 2

(Antes da lectura): **XOGANDO COA AUTORA**

Obxectivos

- Facilitar un achegamento a Maite Carranza.
- Promover a contextualización da obra a partir do estudo da súa autora.
- Fomentar as súas habilidades e os recursos para a investigación: recollida e organización da información.
- Aumentar as súas habilidades para a expresión oral e a escrita.
- Motivar os alumnos pola lectura do libro.
- Potenciar o uso da fantasía e da imaxinación.
- Facilitar o traballo en grupo.

Descrición

Esta actividade ten dúas partes diferenciadas que se complementan: unha de busca de información e outra máis lúdica.

Para a primeira parte da actividade, e por parellas, deberán buscar información sobre a autora e a súa obra e, á vez, atopar a forma máis adecuada para presentar a información como un traballo escrito.

As preguntas que darán inicio a esta actividade son:

- Quen é Maite Carranza?
- Que fixo ata agora?
- Que outros libros escribiu?
- Como nace a triloxía *A guerra das bruxas*?
- Que lle preguntarías ti á autora se a puideses entrevistar?

A segunda parte da actividade é un xogo que enfrontará dúas parellas. Cada unha delas deberá preparar dez preguntas sobre a autora e a súa obra a partir da información que atopou na primeira parte da actividade. Alternativamente, cada parella deberá retar a súa contrincante cunha pregunta. Se a responden correctamente, teñen un punto; en

caso contrario, o punto é para a parella que formulou a pregunta. E así sucesivamente, ata realizar as dez preguntas. Gañará a parella que consiga máis puntos.

Orientacións

Se se considera necesario, en función do curso no que se traballe esta novela e do nivel dos alumnos, poden darse orientacións sobre as fontes de información que poden consultar para realizar esta actividade: a autora ten a súa propia páxina web (**www.maitecarranza.com**), a editorial ten unha páxina web dedicada a *A guerra das bruxas* (**<http://www.laguerradelasbrujas.com>**) e as lapelas do libro tamén teñen información ao respecto.

Unha posible actividade complementaria consiste en seleccionar, das entrevistas que realizaron os alumnos, aquelas preguntas mellor formuladas ou que resulten máis interesantes e contactar coa autora a través do foro da súa páxina web, para obteren así respostas. De se levar a cabo, talvez sería interesante poder facer tamén preguntas que xurdan despois da lectura da obra.

ACTIVIDADE 3

(Durante a lectura): **O MINOTAURO**

Obxectivos

- Desenvolver a capacidade de construír un discurso coherente na expresión oral.
- Aumentar a súa capacidade para a toma de conciencia e a reflexión sobre algúns temas.
- Utilizar a argumentación para defender unha postura ou unha idea.
- Comprender discursos escritos e interpretalos cunha actitude crítica.
- Planificar e realizar un debate.
- Aumentar o pensamento creativo á hora de asumir puntos de vista diferentes aos propios.
- Fomentar a empatía e a capacidade de asumir un rol predeterminado.
- Aumentar e apoiar a capacidade de escoitar e de respectar as ideas dos demais.
- Promover o traballo en equipo.

8

Descrición

Selene pronuncia o seguinte discurso na reunión das bruxas Omar na casa de Amari:

«Empezarei contándovos unha historia que moitas xa coñecedes. Sucedeu preto de aquí, no palacio de Knosos. Din que o rei Minos lle mandou ao seu arquitecto Dédalo construír un labirinto para esconder nel o monstro que concibiu a súa esposa ao unirse a un touro branco. O Minotauro, medio home, medio touro, alimentábase de carne humana, e Minos esixiulle á grande Atenas que lle entregase, cada sete anos, sete doncelas para ser sacrificadas e sete mozos para ser devorados polo Minotauro. E os cidadáns de Atenas dobregáronse ante esa grande inxustiza polo temor que lles inspiraba o gran rei Minos. E dese modo foille entregado en dúas ocasións o mellor da mocidade ateniense. Ata que Teseo, un heroe, decidiu acabar co sanguento tributo e, coa axuda de Ariadna, da súa espada máxica e dun nobelo de la, entrou no labirinto onde vivía o monstro, afundiou o aceiro no corazón do Minotauro, conseguiu saír do intrincado labirinto seguindo o fío de la e liberou a Atenas do xugo do tirano.»

Carranza, Maite, A maldición de Odi. Ed. Rodeira. Páx. 384

A partir destas palabras trátase de analizar, en grupos de tres persoas como máximo, que é o que Selene lles quere explicar ás súas compañeiras, así como atopar argumen-



tos para defender as dúas posturas que se debaten nesta reunión: seguir sacrificándose e deixarse levar polo medo ás Odish ou ben enfrontarse a elas.

Deseguido, realizarase un debate no que cada grupo deberá defender a postura que se lle asigne, estean de acordo con ela ou non. Finalmente, o grupo clase intentará valorar a validez dos argumentos expostos e determinará cal foi o grupo vencedor.

Orientacións

Esta actividade debe realizarse despois de ler o capítulo 22 da novela.

É importante que os grupos anoten os puntos que consideran clave para defender a súa postura e os argumentos que empregan para conseguir que a súa visión sexa válida e poida ser aceptada polo grupo contrario.

Este debate será guiado polo profesor/a, pero buscarase un alumno/a para que realice a función de secretario/a, que terá a responsabilidade de dar a quenda de palabra e de poñer orde no debate.

ACTIVIDADE 4

(Despois da lectura): **O CÓMIC DO CAMIÑO DE OM**

Obxectivos

- Valorar o cómic como linguaxe.
- Valorar o cómic como medio de expresión cultural e artística.
- Potenciar a creatividade.
- Comprender discursos escritos e interpretalos.
- Potenciar o traballo interdisciplinario.
- Promover o traballo en equipo.

Descrición

Na terceira parte do libro, a partir do capítulo 23 vanse expoñendo as diferentes probas que debe superar Anaíd para realizar o camiño de Om. Nesta actividade, que se desenvolverá en grupos de tres ou catro alumnos como máximo, deberán crear un cómic deste percorrido.

Nunha primeira fase deberán extraer do libro a información necesaria para a realización do cómic e transformala nun guión do mesmo. Logo terán que determinar cantas viñetas van utilizar e que información haberá en cada unha delas. Finalmente, deberán crear os debuxos e inserir o texto que lles pareza oportuno.

Posteriormente, expoñeranse de forma colectiva os traballos realizados e analizarase cal ou cales deles souberon plasmar mellor a esencia desa viaxe.

Orientacións

Esta actividade está relacionada cunha das actividades individuais que se propoñen nas actividades didácticas do libro. Así, se os alumnos xa as realizaron, tan só será necesario levar a cabo a parte do cómic desta actividade, posto que a extracción de información xa a terán feita.

Quizais sería interesante contar coa colaboración do profesor/a de debuxo para poder facer unha clase introdutoria sobre a creación dun cómic e a súa linguaxe característica, así como para que axude na valoración final.

ACTIVIDADE 5

(Despois da lectura): **INVENTA A LETRA DUNHA CANCIÓN**

Obxectivos

- Potenciar o uso da creatividade e da imaxinación.
- Potenciar a expresión escrita.
- Traballar a capacidade de síntese.
- Valorar a música como linguaxe.
- Valorar a música como medio de expresión artística.
- Potenciar o traballo interdisciplinario.
- Promover o traballo en equipo.

Descrición

Nesta actividade debe realizarse un dobre traballo: primeiro, cada grupo de traballo (de tres ou catro compoñentes) deberá seleccionar a música dunha canción que sexa quen de cantar e, logo, deberá inventar unha letra na que se conte o desenlace de *A guerra das bruxas*.

Finalmente, cada grupo cantará a súa versión do desenlace da obra ante o resto do grupo.

11

Orientacións

Nesta actividade sería conveniente poder contar coa colaboración do profesor/a de música para poder resolver as posibles dificultades musicais á hora de unir a música co texto.

Se é posible, sería interesante que, antes de inventaren a súa letra, analizasen a partitura da canción seleccionada e/ou a súa letra orixinal e visen así o tipo de versos que encaixan, as sílabas de cada un...

No momento de presentar oralmente a canción, poden recorrer a diferentes opcións: cantar *a cappella*, cun acompañamento instrumental (se algún alumno/a toca a guitarra, por exemplo) ou cun *midi* de fondo...



O que se avaliará nesta actividade é que a letra inventada sintetice ben o final de *A guerra das bruxas*, así como a capacidade de adecuar unha letra a unha música xa existente. Non se trata, pois, de crear unha canción, senón de lle poñer letra a unha música.

De considerar que é unha actividade de difícil realización, xa sexa polo nivel do alumnado ou porque o profesor/a non se sinta cómodo neste rexistro, pode substituírse a creación da letra dunha canción pola dun desenlace narrado con efectos sonoros xerados con instrumentos, con obxectos do contorno...

ACTIVIDADE 6

(Despois da lectura): **OS VOLCÁNS**

Obxectivos

- Espertar o interese pola lectura como fonte de información.
- Traballar e comprender aspectos culturais a partir da obra.
- Desenvolver a capacidade de construír un discurso coherente tanto na expresión oral coma na escrita.
- Fomentar o traballo de investigación como medio de estudo e de formación.
- Promover o traballo en equipo.

Descrición

En *A maldición de Odi*, os volcáns teñen un papel importante no desenvolvemento da historia: a entrada do camiño de Om atópase nun volcán, Clodia é avisada por un volcán sobre o perigo que corre a súa amiga Anaíd, a cerimonia final transcorre nun volcán...

A primeira parte desta actividade consiste en ir suxerindo oralmente as posibles razóns polas que a autora utiliza ese elemento na historia, o que poden chegar os volcáns nela e por que (por exemplo: maxia, fantasía, misterio, medo, relación coa bruxaría...).

Posteriormente, e en grupos de tres alumnos, levarase a cabo un traballo de investigación sobre dous dos volcáns que interveñen nesta historia: o Teide e mais o Popocatepetl. A cada grupo asignaráselle un só volcán.

Guía de traballo para os grupos que realicen a actividade sobre o Teide:

1. Que é un volcán? Cal é a súa función xeolóxica?
2. Localización xeográfica (utilizar mapas).
3. Significado do volcán para os aborixes guanches.
4. Os guanches.
5. De que che serve este traballo para a comprensión da novela?
6. Imaxes.

Guía de traballo para os grupos que realicen a actividade sobre o Popocatepetl:

1. Que é un volcán? Cal é a súa función xeolóxica?
2. Localización xeográfica (utilizar mapas).
3. A lenda de Popocatepetl e Iztaccíhuatl.
4. Os seus nomes populares.
5. De que che serve este traballo para a comprensión da novela?
6. Imaxes.

Para finalizar esta actividade, o profesor/a escollerá os dous traballos máis completos e estes seranlles expostos oralmente aos demais compañeiros.

Orientacións

En función do resultado dos traballos realizados e do interese que suscite nos alumnos, pode realizarse unha actividade complementaria: un debate ou unha posta en común sobre o punto 4 das guías de traballo. Tamén pode suxerirse unha actividade de ampliación: un traballo de investigación sobre a bruxaría dos indíxenas mexicanos.